

Aportacións sobre o Entroido lucense

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO*

Sumario

Neste breve traballo sobre o Entroido lucense quero facer alusión ás festividades máis peculiares desta provincia e, que aínda amosan elementos culturais e identitarios propios das respectivas comunidades nas que se desenvolven. Así fago referencia ao Entroido da Ribeira de Chantada; ao de Salcedo (A Pobra de Brollón); ao dos Compadres e Comadres das Terras de Lemos; ao de «Val de Francos» e Bazar (Castro de Rei); e, como remate, aos diferentes enterros da Sardiña tanto do interior da provincia (Lugo e Monforte) como da mariña (Burela, Ribadeo, Viveiro).

Abstract

In this brief work on Lugo Carnival I allude to the most peculiar festivities of this province that still show cultural and identity elements typical in the respective communities in which they operate. So I refer to Ribera de Chantada, Salcedo (A Pobra of Brollón), Compadres y Comadres at Tierras de Lemos, «Val de Francos» and Bazar (Castro de Rei) festivals. Finally, I make reference to the different «Burials of the Sardine», both on the province inland (Lugo and Monforte) and on the coast (Viveiro, Ribadeo, Burela).

1. CARACTERÍSTICAS XERAIS SOBRE O ENTROIDO

O entroido é unha expresión latina, que significa no ámbito cristián «adeus á carne», xa que se refire ós derradeiros días nos que se podía comer carne antes de que chegase a Coaresma. Así o manifesta a seguinte cantiga: // «**Adiós, martes de Antroido / adiós, meu amiguíño / hasta el Domingo de Pascua / non comerei máis touciño**»//.

Entre os trazos máis salientables distinguimos os seguintes:

1. O Entroido como rito, onde a máscara e o disfraz acadan forte protagonismo.
2. O Entroido como tempo de exceso, no comer e no beber, e como tempo de folganza, no que non se traballa, e sobre todo os homes na sociedade tradicional.
3. O Entroido como escenario da burla e da crítica social e política. Un bo exemplo deste son os sermóns do Entroido case sempre escritos por persoas da localidade de gran agudeza e inventiva.
4. O Entroido como momento festivo celebrado nunha época de transición estacional cara a primavera.
5. O Entroido como símbolo de vida e fertilidade fronte á morte, e como momento de rexurdimento e de renacemento da primavera.
6. O Entroido como inversión da normalidade da vida cotiá, como escenario daquilo que non se pode facer o resto do ano, en antítese coa rixida Coaresma.

* **José Manuel Blanco Prado** é doutor en Historia pola Univ. de Santiago de Compostela. Publicou os libros: *Romaxes da Terra Chá*; *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, e tamén, *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*. É coautor das obras: *Cruces e Cruceiros do concello de Begonte*; *Begonte: Pasado e Presente*, e *Tempos de Festa en Galicia*. É autor de numerosos traballos de antropoloxía cultural, etnografía e historia en revistas especializadas.

7. O Entroido como dominio da dimensión pública fronte á privada. As casas abren as súas portas a todos os veciños, e todos colaboran na festa de forma directa ou indirecta.

8. O Entroido como reino da risa, provocada pola burla, a sátira, a retranca, a crítica...de certos elementos do poder aos que se ridiculiza, e provocada pola inversión de papeis e «o mundo ao revés» que se establece.

9. O Entroido como tempo de diversión, de relaxación e do xogo entre os sexos.

10. O Entroido como festa no que todo xira arredor do ben ou do mal, de Deus ou do Demo, da vida e da morte...Ese mal é representado a través dun boneco, mal vestido, farrapento, ao que se lle pon lume.

2. CICLO DO ENTROIDO NA PROVINCIA DELUGO

Seguindo o esquema do etnógrafo galego **Vicente Risco** o ciclo máis xeralizado do entroido é o que expoño de seguido e que proxectado á provincia de Lugo quedaría do seguinte xeito:

1. O «Domingo Fareleiro». Por ex. «Ribeira de Chantada» (Hai uns anos Vilaúxe). Hoxe Santiago de Arriba.

2. O «Xoves de Compadres». Concellos da Terra de Lemos (Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón, Pobra de Brollón, o Saviñao, Sober...). O máis importante Monforte de Lemos. **Babela** lugar da parroquia monfortina de Distriz, acadou e segue acadando moitos premios convocados polo concello de Monforte de Lemos, debido a que tanto no «Xoves de Compadres» como no de «Comadres», os seus lugareños representan os diferentes modos de vivir, que había en dito lugar, para que os coñezan os seus descendentes. Nos últimos anos cómpre sinalar á parroquia monfortina de Santa Mariña. Ámbas as dúas comunidades levan a cabo unha auténtica Etnografía.. Por outra banda, ademais destas comunidades temos que distinguir unha serie de centros escolares, garderías, asociacións colectivas, bares, barrios, comercios, rúas. Con respecto ós centros escolares e garderías distinguimos o Colexio Ferroviario, o Colexio Escolapios, o Colexio Novo, o Colexio Divina Pastora, o Centro de Estudos «A Gándara», o Instituto «A Pinguela», o Instituto «Río Cabe», o Colexio Torre de Lemos, a Gardería Infanta Elena e a Gardería «Caixa Galicia». En canto ás asociacións colectivas, bares, barrios, comercios...cómpre facer mención aos barrio de Piñeira, dos Chaos, de Carude, de Ribasaltas, de Santa Mariña, da Estación, do Casar; ás asociacións de Auxilia, de Prodeme, do Fabeiro, de Rioseco, das Vivendas sociais do «Val de Lemos», de Agora, do Centro social de Caixa Galicia, ao Geriátrico Asimédica. Ás rúas de A Florida, do Cardenal, do Malecón, de Huertas, da Coruña, do Comercio, do



Foto 1.- *As Madamas (Salcedo)
(A Pobra de Brollón).*

escultor Francisco Moure, de Ricardo Quiroga. Finalmente, a nivel comercial ó Supermercado Familia, ao Bar «A Palloza», a Panadería Luna etc. No concello de Sober, ademais da capital municipal, hai que distinguir as comunidades de Anllo, Arxemil, Matamá. Polo que respecta aos concellos de Pantón e a Pobra de Brollón a dinámica festiva é escasa agás as dúas capitais municipais e a localidade de Salcedo (A Pobra de Brollón). Finalmente en Bóveda e no Saviñao segue habendo algúns talleres de entroido dirixidos ós máis pequenos.



Foto 2.. *Un Oficio en Santiago de Arriba (Chantada).*

3. O «Domingo Corredoiro».

Ribeira de Chantada. Hai oficios en **Santiago de Arriba**. Intervenien volantes, peliqueiros, e maragatos.

4. O «Xoves de Comadres». Concellos da Terra de Lemos. O máis importante **Monforte de Lemos**. (Análise: o mesmo que para o «Xoves de Comadres»).

5. «Domingo, Lúns e Martes do Entroido». En moitas parroquias e pobos da provincia de Lugo celébranse bailes e concursos de disfraces. De tódolos xeitos compre distinguir:

5.1. Domingo do Entroido. Bailes, concursos de disfraces e desfiles en moitas vilas da provincia lucense. É mester distinguir: Os desfiles de madamas e galáns en **Salcedo (A Pobra de Brollón)**, que tamén saen o martes do Entroido. A representación de oficios en **Salcedo (A Pobra de Brollón)**, **Santiago de Arriba (Chantada)**, en **Nogueira (Chantada)**. As representacións teatrais realizadas polos veciños de Salcedo no interior do Auditorio de pequenas obras de teatro escritas por eles.

En **Bazar** (Castro de Rei), recuperaron de novo o Entroido no ano 2009. Celébranse os seguinte actos: Xogos populares adicados aos nenos. O Sermón do Entroido. A Queima do Entroido. Tamén hai disfraces e baile para todos os asistentes. Un importante impulsor deste Entroido é **Iván Díaz Díaz**, que xunto con outros veciños de Bazar, coordina os diferentes actos que teñen lugar nestas datas.

5.2. Lúns do Entroido. «**O Oso de Salcedo**» (**A Pobra de Brollón**). Os diferentes actos do Entroido de Salcedo, que teñen lugar desde o domingo ata o martes, son organizados pola Asociación de veciños.

5.3. Martes do Entroido. Hai poucos anos, era importante o enterro do Entroido e diferentes oficios en **Vilaxe (Chantada)**. Na actualidade é mester distinguir os xogos e oficios de **Santiago de Arriba (Chantada)**, así como a «Despedida do Entroido» na mesma parroquia. Participan volantes, choronas, peliqueiros, maragatos. Nesta parroquia chantadina o entroido celébrase os seguintes días: O domingo Fareleiro, o domingo Corredoiro, o domingo de Entroido e o martes de Entroido. É importante o labor da Asociación do Entroido Ribeirao, coordinados por **Juán Carlos González e a súa dona Marisé**.



Foto 3.- Os Volantes pasando polas terras de labor (Santiago de Arriba) (Chantada).

No Entroido do «**Val do Franco**»(Ansemar, Balmonte, Goberno) (Castro de Rei) actualmente son importantes os seguintes actos: O Sermón do Entroido. O Testamento do Entroido. A Queima do Entroido, e finalmente o baile para os que están disfrazados ou non. Cómpre sinalar o labor importante do crego *Xosé Manuel Carballo Ferreiro*, verdadeiro impulsor deste Entroido, que colabora desinteresadamente escribindo sermóns, testamentos, e axudando aos veciños deste maravilloso val na planificación dos diferentes actos, que teñen lugar desde o domingo

do Entroido ata o martes, día principal das festas.

En **Tirimol** (Lugo) hai disfraces e queima do Entroido. Recuperación deste Entroido hai uns anos polo colectivo etnográfico: «**María Castaña**».

6. O «**Mércores de Cinza**. Enterros da sardiña na cidade de **Lugo** e nas vilas de **Burela, Monforte de Lemos, Vilalba, Viveiro...**

7. O **Sábado** e o **Domingo** de Piñata. Aínda hai algunhas vilas, como **Lourenzá**, que celebran bailes e desfiles de disfraces. A queima do Entroido» en Ribadeo, que é o que ten maiores proporcións da provincia.

3. BREVE REFERENCIA AOS ENTROIDOS MÁIS PECULIARES DA PROVINCIA DE LUGO

3.1. O Entroido da Ribeira de Chantada

Antano, o entroido celebrouse nas parroquias de *Santiago de Arriba, S. Pedro de Lincora, Camporamairo, A Zarina, Nogueira do Miño, Vilauxe* etc. Mais nos últimos anos, debido á perda de xente nova nestas parroquias, só se segue celebrando algo en *Nogueira do Miño e Santiago de Arriba*, que é o lugar básico da Ribeira, onde xa hai uns doce pequenos tódolos anos, que se visten de volantes. Deste xeito a tradición pode pervivir moitos anos.

O entroido en *Santiago de Arriba* celébrase durante catro días: os domingos de Lambedoiro, Corredoiro e Entroido, e o martes do Entroido. Nestas datas saen unha serie de persoas disfrazadas do seguintes xeito:

3.1.1. OS VOLANTES

Trátase de persoeiros que nos seus inicios ían de branco coa ropa interior. Logo, xa no século XX, comezaron a levar unha camisa branca por riba da cal poñían sendos «panos marinos», procedentes de Ultramar, que ían cruzados en cada hombro. Na actualidade por mor da súa carencia foron suplidos por panos dunha gran variedade de cor denominados «portugueses». A súa indumentaria inferior está formada por un pantalón, que nos seus

inicios –como dixemos- foi de cor branco a xeito de pixama, mais no século pasado cambiouse polo vermello e gualda. Dos nocelos aos xeonllos levan unhas vendas cruzadas que, ás veces, facían dos capotes dos militares ou da garda civil. Estas semellan as fitas duns zapatos de baile. O volante leva na cintura dous cintos de coiro de marrán ou xabarán dos que penden vintecatro campaiñas se é o cinto grande, levado unicamente por veteranos, e vinte campaiñas se é o cinto pequeno, portado polos que comezan e por algún pequeno.

No intre actual, debido a que saen varios volantes fanse cintos de 24, 23, 22, 20, 18, 16, campaiñas, segundo a idade do volante.

Noutras parroquias da Ribeira como Nogueira, adoitan empregar vintecatro campaiñas, que levaban hai anos as xugadas do gando vacún.

Os volantes levan por riba da cabeza unha estrutura interna de madeira, realizada con paos de vimbio, que asemella a forma do camarín da Virxe do Perpetuo Socorro. Recibe o nome de *pucho*. Antano, cando non existía o papel pinocho, facíanse os puchos con follas de berza seca rizada. As flores do pucho realizábanse coas ramas do millo previamente rizadas e as colonias eran feitas de palla. Hoxe esta estrutura interna ou artiluxio e de arume e vimbio cuberta de cintas dun cromatismo variado e dunhas cento dez a cento vinte flores da mesma especie, realizadas con papel pinocho de diferentes cores. No cume do pucho colocanse dúas bonecas de xoguete. Unha na parte anterior e a outra na posterior. Tamén se poñen cinco penachos de diferente cor. Catro en cada lado do pucho e un no centro.

O portador do pucho ten que ser unha persoa de gran vigor e resistencia física, xa que ademais de soportar os trinta kgs. do pucho e das campaiñas, ten que estar danzando case sempre a un ritmo uniforme tanto pola mañá como pola tarde.

Antano nesta parroquia ao igual que nas demais da Ribeira chantadina saía un pucho por parroquia de trazos moi singulares, que o diferenciaban dos demais. Na actualidade en Santiago de Arriba sae un «pucho grande», que adoitan usalo tres volantes veteranos. Un



Foto 4.- O Xoves de Compadres. A matanza do cocho (Santa Mariña) (Monforte).



Foto 5.- O Oso de Salcedo tiznando a un veciño da localidade (A Pobra de Brollón).



Foto 6.- A queima do Entroido (Bazar)
(Castro de Rei).



Foto 7.- Os Fareiros (Val de Francos)
(Castro de Rei).

«pucho mediano», que o utilizan varios rapaces e, finalmente, un «pucho pequeno» para os cativos.

Os volantes levan unha caraúta artesanal ou a cara tinguida de negro por mor a que a caraúta dificultaba a respiración. Ás veces, lévana na cabeza sen poñela. Tamén portan na man un caxato, que soe ir ornamentado con fitas de diferentes cores.

Esta máscara estivo sempre representada polo sexo masculino agás nos últimos anos no que paseniño se van incorporando nenas e mulleres.

3.1.2. OS MARAGATOS OU PELIQUEIROS

Reciben o nome de «maragatos», para diferencialos dos «peliqueiros» de Laza (Ourense). Visten unhas pelicas de ovella, cordeiro ou cabra sobre roupas vellas ou traxes de faena, levando ás veces pendurada do cinto unha choca ou campá. A cabeza e a cara cóbrena tamén cunha pelica ou cunha caraúta grotesca. Portan na man un látego ou un pau xa que a súa función é protexer aos volantes e abri-lles paso tanto na súa marcha como no seu baile. Tamén utilizan como remates para a cabeza uns cráneos de becerro ou uns cornos de cabrito para darlles unha maior vistosidade. Actualmente o normal é que un maragato vaia acompañando a tres volantes. Denantes o número variaba, segundo F. Cocho, a un ou dous por cada volante.

3.1.3. ASCOROZAS

Eran máscaras, feitas de palla, moi habituais no contorno de Camba (Pontevedra). Nesta parroquia adoitaba saír con outra máscara á que se lle daba o nome de **Corozeiro**. Ámbas as dúas tiñan como función mollar ao público con auga procedente dunha sulfatadora e botarlle fariña coa man ou cun fol.

3.1.4. OS MECOS

Trátase de persoeiros vestidos con roupas vellas, que teñen como misión escenificar sen diálogo diferentes acontecementos da vida cotiá. Polo tanto, a mímica constitúe a esencia destas parodias. Noutroira os oficios tiñan como fundamento a escenificación de diferentes labores agrícolas, ligadas co liño, coa sega, coa malla, coa colleita das patacas etc. Logo, foise pasando paseniño a parodiar dun xeito burlesco diferentes labores e comportamentos cotiás non necesariamente relacionados ao agro.

3.2. O Entroido de Salcedo (Pobra de Brollón)

3.2.1. AS MADAMAS E OS GALÁNS

O domingo e martes de Entroido saen as madamas e os danzantes, en número que vai entre cinco a sete parellas. As madamas levan unha blusa e falda branca, e van tocadas con sombreiros ornamentados con flores e cintas de papel, que reciben o nome de colonias; as súas caras van cubertas con carautas. Os danzantes van vestidos cun traxe escuro, camisa branca, gravata negra, sombreiro e unha careta branca. Segundo algúns veciños, ámbolos dous personaxes poderían simbolizar ás persoas ricas da localidade; por tal motivo non era estrano que, antano, para representaren as súas vestimentas, houbera que ir, coa debida antelación, aos tendais dos ricos para collerlles as roupas axeitadas.

Así mesmo, teñen como misión ir buscar cos gaiteros de **Salcedo** ao **morrión**, é dicir ás máscaras que, acompañadas por cativos, levan a cabo unha representación mímica nun local axeitado -hoxe o Auditorio- sobre algún comportamento social ou evento, que tivera gran transcendencia na localidade.

3.2.2. O OSO DE SALCEDO

O luns de Entroido, antes da saída do oso, un pequeno grupo da localidade adícase a recitar unhas cantigas de cego, nas que se fai alusión a algúns eventos ocorridos na comunidade. Logo, sobre as cinco e media da tarde óense voces que anuncian a chegada do célebre plantígrado: ¡Aí ven o oso! ¡Aí ven o oso!. Polo cume dunha das rúas de Salcedo xorde un persoeiro enigmático, vestido con peles de ovella e unha carauta, que asemella a un oso. Inicialmente era levado amarrado cunhas cadeas por un número variable de servos para soltalo a continuación entre a veciñanza da localidade e demais asistentes. A aparición do oso, anunciada tamén polo repicar dunha campaiña, provoca continuas carreiras e gritos no público asistente, que alborotan a toda a localidade. O animal non



Foto 8.- Os Volantes de Santiago de Arriba (Chantada).



Foto 9.- O xuízo do Antroido (Val de Francos)
(Castro de Rei).

respeita a ninguén ata o punto que irrompe nos bares para acceder ás súas presas. Nesta tarefa o oso conta coa importante colaboración dos seus servos, que suxeitan ás vítimas, para que logo poida tiznalas con «sarrío» e, mesmo, tirar ao chan a máis dunha. As continuas persecucións que manteñen o oso mailos seus criados con respecto aos asistentes ao acto, continúan ata o anoitecer, momento no que o ritual festivo remata, debido preferentemente á fatiga, que amosan tanto o animal como os seus servos.



Foto 10.- O enterro da Sardiña. O «Gran Espetón»
lendo uns ferretes (Lugo).

Nesta comunidade o oso é unha importante entidade á que se lle rende veneración para que a protexa. Constitúe un importante símbolo, que anuncia a primavera e, ao mesmo tempo, móstrase benefactor da fertilidade, que ten lugar na mesma. Trátase dun oso que entra na localidade de **Salcedo** como rei da festa, que se vai celebrar, mais tamén marcha da mesma con ese status.

3.3. O Xoves de Compadres e Comadres

Tanto os compadres como as comadres son bonecos, realizados con palla, ben comprimidos e vestidos con roupas de homes e

mulleres, respectivamente. Hai anos, nalgúns barrios de **Monforte de Lemos** pendían estes bonecos, o día antes da festa, nun lugar de difícil acceso e logo os vixiaban toda a noite; así, mentres os homes estaban pendentes dos compadres, as mulleres estábano das comadres, xa que era doado de recoñecer o sexo da persoa representada por mor das roupas que lle foran postas. A finalidade era recuperar o boneco, o que daba lugar a unha loita simbólica entrámbolos dous sexos.

Noutro en Anllo (Sober) as mulleres durante a semán de compadres andaban de casa en casa pedíndolle a roupa aos homes de bon modo. Se non a conseguían de broma, roubábana. Á noite do mércores, as mulleres do lugar reuníanse nun local e realizaban os compadres con palla e, logo, vestíanos coa roupa dos seus conxuxes e coñecidos. O

xoves, pola mañá cedo, pendurában aos compadres nas árbores, e nos balcóns, e os homes querían quitarllos. Isto daba lugar a certos forcexeos coas mulleres, que eran moi celebrados. Pola noite, queimábanse todos xuntos e despois bailábase ó redor deles coa música dun acordeón. O xoves seguinte facíase o ritual ao revés

Na actualidade na Terra de Lemos, que abrangue ós concellos de **Bóveda, Monforte, Pantón, O Saviñao, A Pobra do Brollón, Sober**, téntase facer diversas parodias, o xoves de compadres e o de comadres, usando bonecos dámbolos dous sexos, que representan diferentes comportamentos e tarefas da vida cotiá. Os bonecos, que levan posto normalmente unha caraúta de papel, adoitan ser caricaturas de persoas do barrio, da rúa, da entidade pública, ou de persoeiros públicos tanto locais como non.



Foto 11.- O enterro da Sardiña. (Viveiro).



Foto 12.- A despedida do Entroido (Santiago de Arriba) (Chantada).

3.4. O Entroido no «Val de Francos» (Castro de Rei)

Dende o ano 1992 as parroquias de Ansemar, Balmonte e Goberno celebran neste fermoso val o entroido como reflicten as seguintes estrofas:

«Xa que tres pobos se uniron,
con unha grande ilusión,
nunha tarde de harmonía
fan esta celebración».

«Balmonte, Goberno e Ansemar,
xuntas o Antroido van festexar
¡ é tan fermosa esta unión
que mesmo agranda o corazón».

O novo Antroido foi desde un principio un gran evento, que contou coa asistencia de centos de persoas procedentes non só das parroquias organizadoras, senón tamén doutros lugares da Chaira e mesmo de Lugo capital. O festexo celébrase o sábado e o martes, día do



Foto 13. O enterro da Sardiña (Monforte de Lemos).

Santo Antroido, e caracterízase polas actuacións de orquestras, xogos de maxia, interpretacións humorísticas e concursos de disfraces tanto a nivel individual como colectivo.

Con respecto ao día principal, o martes de Antroido, segue celebrándose o Sermón, acto que desde sempre resultou vistoso a persoas de tódalas idades. Este ségueno elaborando veciños da comarca, que xa o fixeran na anterior etapa, como Salvador Aguiar, Edelmiro García de Goberno, Laxe de Loentia etc. O

sermón está formado por un conxunto de estrofas, pronunciadas normalmente por un home e por unha unha muller, nas que se satirizan preferentemente diferentes eventos que tiveron lugar no concello, e nesas parroquias en particular.

Ao remataren o sermón, introduciuse un novo acto consistente en realizarlle ao Antroido un xuízo que desde os seus inicios é planificado polo crego Xosé Manuel Carballo. Nesta acción interveñen catro personaxes: un alguacil, un avogado defensor, un fiscal e un xuíz. Agás o avogado defensor, os demais desexan que o Antroido sexa condenado ao lume, logo de que o fiscal faga alusión aos numerosos males acaecidos en tódolos ámbitos sociais por culpa deste persoeiro ficticio mais ao mesmo tempo real. O xuízo consta ao igoal que o sermón dunha serie de estrofas nas que ao remate o fiscal condena ao antroido a ser queimado.

Finalmente celébrase a queima do boneco, que simboliza ao Antroido, no «Campo de Carril» e preto do espazo, onde teñen lugar os diferentes actos festivos. A queima do Antroido resulta máis espectacular que na primeira etapa xa que o boneco vai provisto no seu interior de máis pólvora, petardos e fogos de artificio.

Polo tanto, nesta nova etapa do Antroido percibimos non só como a tradición, sustentanda polos máis vellos, é algo que continua e segue a súa dinámica, senón que ademais hai un proceso de reinvención desta mesma tradición desde a perspectiva destas tres parroquias recuperadoras do evento.

ESTROFAS DE SERMÓN

«Tedes un Axuntamento,
composto de homes formales,
que se esquencen das promesas
ó saliren concellales»

«Aí tedes os chavales,
que non os vexo moi ben.
Marchan o venres da casa
hastra a semana que vén»

«E outros aínda é peor,
gastan ben máis que gañaron
e logo, ó chegar a casa,
fan o que lles ensinaron».

« Temos na Diputación
unha xente moi honrada.
Carretan para casa o que poden.
Prós outros non queda nada».

3.5. O Entroido en Bazar (Castro de Rei)

Nesta parroquia recuperouse de novo o Entroido no ano 2009. Celébranse os seguintes actos: Xogos populares adicados aos nenos. O Sermón do Entroido, pronunciado por un home e unha muller, que ten como finalidade realizar unha crítica de diferentes comportamente acaecidos dun xeito preferente no concello e na parroquia. Logo realízase ao igual que no Val de Francos «a queima do Entroido». Tamén hai disfraces e baile para todos os asistentes.

Tanto en **Bazar** como no **Val de Francos** celebrouse hai anos «*a corrida do Galo*».

Entre dous puntos fixos colocábase unha corda moi tensa, na que colgaban un galo, amarrado case sempre do seguinte xeito: «*Poñíanlle un lazo por baixo das alas e, logo, metíanllo polo buche e sacábanllo pola boca*». Desta maneira a cabeza do animal quedaba bastante suxeita, o que motivaba certa dificultade para arrincarlla. A continuación algúns mozos en cabalerías, ataviadas para a ocasión, pasaban ao galope por baixo do galo, tentando descabezalo. Ata comezos do último tercio do século pasado era unha práctica moi habitual en diferentes parroquias chairegas, como Ansemar, Bestar, Quintela, Bazar, Saavedra, etc



Foto 14. Os Sermoeiros de Bazar
(Castro de Rei).

ESTROFAS DE SERMÓNS

«Do leite non quería falar
pra non vos amargar a festa
como esto siga así
véxome muxindo unha besta».

«Ó cura fáltanlle á misa
él solo non quere estar
por eso bancos con prisa
ó carpinteiro quere encargar
pra que a xente na larga predica
poida así descansar.»

«Os da comisión de festas de ano
coa lotería moito quixeron ganar
pero tocáronse o carallo
que ó final o traxe non puderon comprar.

3.6. O Enterro da Sardiña

Trátase da escenificación dun enterro cristián no que o finado é unha sardiña, que nos seus comezos era auténtica mais logo co paso dos anos construíuse unha de gran tamaño en papel e cartón. A comitiva vai presidida por un eclesiástico –o Gran Espetón– que dirixe os cánticos ao longo da procesión; logo os acólitos, os sancristáns, os portaestandartes, as plañideiras, as autoridades e finalmente os acompañantes. A procesión adoita rematar nunha praza ou diante da Casa Consistorial, onde se len discursos, que entrañan bulra, ironía, sarcasmo e crítica, e que están referidos na súa meirande parte aos problemas que ten a cidade ou vila. O enterro pode rematar nunha inhumación simbólica (**Lugo**), nunha incineración (**Burela**) (**Vilalba**) (**Viveiro**), nunha inmersión no río (**Monforte de Lemos**) ou no mar (**Marín**) (Pontevedra).

Este ritual do Entroido non naceu en Galicia, senón que veu importado de Madrid.

En Lugo capital, logo de cincuenta anos de ausencia volveu no ano 1985 o Enterro da Sardiña da man de José Barreiro, fundador da «Real Confraría da Parranda», e do Departamento de Cultura do Concello. A comitiva saíu do Círculo das Artes ás oito da noite integrada na súa maioría polos membros da «Real Confraría da Parranda». Abría a procesión «o gran Pendón», levando un estandarte cunha carauta do Entroido, franqueado por dous capuchóns tamén con sendos estandartes nos que figuraba «o porco de San Antón» e «o burro do Antroido» aos que se dedicaban sendos estribillos:

Este é o burro do Antroido
levántalle o rabo
e bícalle o coiro
bícallo ben
hasta o ano que ven

Este é o porco de San Antón
desde o fuciño
hasta o xamón
todo él sabe ben
insecula seculorum. Amén.

Logo dunha ringleira de confrades ía «O gran Espetón», representado por **Antonio Penedo** o «moro Muza» e os mariñeiros protexendo á sardiña ben ensartada nun tridente. Os incensarios acompañaban a D. Carnal e a D^a Cuaresma, sen que faltasen á cita as choroas, que ían de loito, chorando a perda irreparable. Finalmente as autoridades coas súas elegantes donas e encabezadas polo rexedor da cidade, seguidas da banda e o coro. Ao fronte da banda ía o seu director **Pepe Barreiro**, vestido de capuchón e semáforo en ristre. Pechaba a comitiva o público desexoso de participar no evento.

O percorrido iniciouse na Alameda, onde se entoou o primeiro canto, anunciando deste o comezo da escenificación. Logo proseguíu por Conde Pallares e a rúa da Cruz, onde se detivo diante do bar Anda, para dedicarlle á súa peña unha das estrofas do «Canto patético», interpretado na procesión.

A primeira parada importante tivo lugar na Praza do Campo, onde o Gran Espetón, representado por Antonio Penedo, recitou as primeiras estrofas do Enterro da Sardiña, sendo coreado cun estribillo pola confraría en pleno. A comitiva fúnebre, logo desta

parada, continuou a súa marcha pola Rúa Nova ate chegar á Praza da Soedade, onde novamente se detivo para dedicarlle outras estrofas á Praza do Rastro e á capela da Soedade. Ao San Antón Abade pedíuselle que resolvera os problemas do Concello. Logo de cubrir o traxecto por Santo Domingo e a rúa da Raíña, a comitiva dirixiuse, atravesando a Alameda, ao templete da música, onde se atopaba o ataúde da sardiña por riba dun catafalco. Neste lugar, ao igoal que fixera na Praza do Campo e da Soedade, o Gran Espetón, Antonio Penedo, recitou un longo repertorio de «ferretes» onde a crítica a Concello constituía a nota esencial



Foto 15. As caraútas do Entroido (Santiago de Arriba) (Chantada).

Finalizada a interpretación da última salmodia, procedeuse a enterrar simbolicamente á sardiña, entre os lamentos das choroas. Como colofón ao acto, o alcalde **Vicente Quiroga** fixo entrega dunha placa conmemorativa a José Barreiro no nome da Corporación Municipal, en recoñecemento ó seu labor por recuperar, logo de cincuenta anos, o enterro da sardiña.

Nos anos 1986 e 1987 seguiu saíndo o Enterro da Sardiña. Non saíu no 1988 mais si o fixo nos dous anos seguintes. Houbo un período de interrupción ata que nos anos 1994 e



Foto 16. A queima do Entroido (Ribadeo).

1996, volveu a saír grazas á Asociación de Amigos do Entroido. Sen embargo, vai ser a partir do ano 2000 cando unha das fillas de José Barreiro, Mercedes e o seu marido Andrés, retoman a Confraría do Enterro da Sardiña ate os nosos días dun xeito moi positivo, conservando moitas cousas de antano (estrutura da procesión, percorrido, ferretes permanentes do Gran Espetón); hai unha nova dinamicidade e creatividade ao poder participar calquera persoa do Concello lucense nos ferretes ou estrofas que o Gran Espetón vai ler desde o templete da música.

4. CONCLUSIÓN S ANTROPOLÓXICAS

4.1. ENTROIDO RIBEIRAO

As máscaras son un símbolo das inversións da orde, dos valores e constitúen, dalgún xeito, unha representación do home como animal fronte ó home nun ámbito social. En suma é patente o enfrontamento entre natureza e cultura.

Os días de festa son considerados como un tempo de lecer e de liberdade suma, aínda que ésta só quede reflectida nas súas aparencias externas, xa que a inversión dos valores e a escenificación de diferentes comportamentos, eventos e profesión sociais teñen como finalidade fortalecer as institucións de poder.

Así mesmo o Entroido tamén serve para acrecentalo sentimento de pertenza a unha unidade social, neste caso á parroquia, xa que cada unha delas ten o seu peculiar xeito de celebra-la festa: vestirse de volantes; intervir, como mecos, nos oficios etc.

Este sentimento tan arraigado da identidade nestas comunidades da Ribeira chantadina pode posibilitar unha proxección supra-parroquial na procura dos elementos comúns desta práctica festiva en detrimento dos particulares.

Finalmente a riqueza e diversidade cromática dalgúns máscaras, como os volantes, así como o rítmico sonido das dúas dúcias de campaiñas, que levan nos seus cintos, esperta vivencias, sentimentos, e move ós veciños a tomar parte no evento.

4.2. O OSO DE SALCEDO

Nas sociedades antigas europeas asociábase aos osos cos seres do inframundo, xa que se creía que os seus espíritos vivían no interior da terra, e o oso no seu letargo invernal permanece nunha cova durante uns meses. Comentase que se o oso ao despertar sae da cova e o ve todo negro –periodo de lúa nova- remata o periodo invernal; mais se é lúa chea volverá a dormir corenta días máis. De aí que nos carnavaís dalgúns localidades españolas e europeas non é estrano ver como os mozos se tisan de negro para que o oso o vexa todo negro. Pola contra, en Salcedo, o individuo non se tisa a si mesmo, senón que é tisanado polo propio oso.

Por outra banda, o profesor *Yvon Dupouy* menciona que noutros lugares os criados relacionanse máis coa figura do cazador e defenden ás vítimas, de tal xeito que non dubidan en matar ao oso. Pola contra, en Salcedo o oso é unha importante entidade benefactora da comunidade. É un símbolo, que anuncia a primaveira e, polo tanto, amósase como instrumento benefactor da fertilidade, que acaece na mesma.

Finalmente o etnólogo francés Jean Dominique Lajoux defende que as mascaradas protagonizadas por osos son pervivencias lonxanas dunha relixión de orixe paleolítico, un antigo culto ao oso, que existiu en todos os lugares onde viven ou viviron estes animais.

4. 3. XOVES DE COMPADRES E COMADRES

Noutrora a festividade do Entroido constituía un tempo de lecer, que era aproveitado por todos os integrantes dunha comunidade. Nos concellos das Terras de Lemos o máximo nivel de participación tiña lugar nos Xoves de Compadres e de Comadres, tempo no que se permitía unha inversión da normalidade da vida cotiá reflectida nunha confrontación amistosa mais tamén real entre homes e mulleres con motivo da queima ou non dos diferentes bonecos realizados por algún dos colectivos. Esta loita simbólica entrámbolos dous xéneros propiciaba unha relaxación e un desafogo psicológico.

No intre actual unha serie de factores como a emigración, o envellecemento da poboación rural, os cambios de mentalidade da nosa sociedade propiciados polos efectos da globalización e por unha maior mercantilización, os novos

xeitos de lecer debido a televisión, Internet, discotecas etc., motivaron o declive de moitos rituais non só do Entroido senón tamén doutras festividadeas.

Neste val grazas ao traballo desinteresado de moitas persoas e aos apoios institucionais séguense celebrando ámbos os dous xoves mais xa con cambios importantes:

- Perdeuse a confrontación directa entre xéneros.

- Prodúcese unha oficialización do Entroido en xeral e dámbolos dous xoves en particular. Así o concello comeza a convocar concursos dirixidos a colexios barrios e diferentes entidades coa finalidade de conceder premios aos que realicen os mellores bonecos de compadres e de comadres. Isto pode dar lugar a certa manipulación e control por parte das institucións e por conseguinte a perda do potencial creador dos que participan na festa en calidade de actores. (*Marcial Gondar, 1993, páxs. 173-174*).

Con todo, estes xoves seguen cumprindo no intre actual unha relevante función pedagóxica e didáctica. E isto é debido a que os diferentes grupos de bonecos tanto de compadres como de comadres representan diferentes eventos sociais, moitos obxecto de burla e crítica, algúns de louvanza. Ademais nalgúns comunidades rurais os bonecos adoitan escenificar vellos oficios e tarefas cotiás. De tódolos xeitos, cada vez máis estase tendendo a intervir no entroido dun xeito indirecto mediante a contemplación, que dunha maneira directa a través da intervención.



Foto 17. A resurrección do Entroido (Vilaúxe)
(Chantada).



*Foto 18. Os Maragatos de Santiago de Arriba
(Chantada).*

4.4. O ENTROIDO DO «VAL DE FRANCOS»

Neste Antroido, apreciamos unha inversión de roles, que está reflectida nos diferentes disfraces e máscaras que se atopan no campo da festa, sobresaíndo desde sempre as « dos fareleiros», que levan a cabo unha representación teatral, espontánea e improvisada ao actuar, co seu rol característico, entre a xente asistente ao evento. Os fareleiros teñen tamén o cometido de veler polo orde no campo da festa, de abrir paso á comitiva do Antroido e de evitar que os espectadores se acheguen de máis á queima.

Ademais, este Antroido ao igual que sucede noutras comunidades do ámbito galego é un importante

elemento identitario para os lugareños, que integran este val, agarimoso e fermoso, de Francos. Este carácter identitario non ven dado pola homoxeneación de ideas e xeitos de actuar dun sistema, que impón uns criterios uniformes, senón pola creatividade e espontaneidade dos membros desa comunidade, na que se celebra o evento. Asimesmo, o baile e a música, constituen os elementos cume onde a liberación da sensibilidade é máis notoria facéndose patente na ruptura das normas, que presionan a conducta dos integrantes dunha comunidade. Polo tanto, toda festa, posibilita un tránsito do cotiá a situacións onde a espontaneidade, a diversión e o relaxamento dos costumes poden ter lugar

Finalmente esta festividade conleva en si mesmo a risa polo que está acaecendo, produto da teatralidade, da inversión de situacións e da parodia de diferentes feitos da vida real. Polo tanto, non resulta estrano pensar que os que mandaban hai anos tivesen inquedanzas coa risa do pobo, xa que ía dirixida de cara a unha legalidade vixente imposta ríxidamente.

5. BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO PRADO, J.M. (2005): «1ª Exposición sobre o Antroido na provincia de Lugo». *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, XII, vol. 1. pp. 203-222.
- BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme (2009): «Achegas históricas ao Antroido do «Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI». *Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga)*, nº 19, pp. 58-73.
- BLANCO PRADO, José Manuel. (2009): «O Entroido na Diócese de Lugo. Achegas Históricas. I. O Entroido na Ribeira de Chantada». *Lucensia*, nº 39 (Vol. XLX), Lugo, pp.365.
- (2010): «O Entroido na Diócese de Lugo. Achegas Históricas. II. O Entroido na fregresía de Salcedo (A Pobra de Brollón). *Lucensia*, nº 40 (Vol. XX), Lugo, pp.163-172.
- (2012): «2ª Exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo». *Rev. Dixital. Etnografía*. Disponible en línea: <http://www.mesondoforno.com>. [2012].
- (2012): «O Entroido Ribeirado. Santiago de Arriba (Chantada) (Lugo)». *Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga)*, nº 22, pp. 78-105.
- BLANCO PRADO, X.M. (2012): «O Entroido na Diócese de Lugo.III. O Xoves de Compadres e o Xoves de Comadres nas Terras de Lemos». *Lucensia*, nº 45, pp. 378-389.
- CARBALLO, Xosé Manuel (7-1-2006): «Antroidos e Antroido do «Val de Francos». *Revista Terra Chá*.
- CARO BAROJA, Julio (1979): *El Carnaval (Análisis histórico-cultural)*. Taurus, Madrid.
- COCHO, Federico (2007). *O Carnaval en Galicia*. Xerais, Vigo.
- DASAIRAS, X. (1990): *O ANTROIDO en Terras de Monterrei*. Edicións do Cumio, Vigo.
- El ANTROIDO en Galicia. Exposición Casa de Galicia en Madrid*. Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, 1995.
- DÍAZ, M.M. (2006): *Do Antroido ao Nadal. Romerías, ferias y fiestas patronales en Galicia*. Ea editorial.
- FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A. (1998): «Identidade e festa popular». En: *O Feito diferencial galego na Antropoloxía*. Vol. II. (Coord. Marcial Gondar Portasany). Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.
- FIGUEIRA TENREIRO, Sabela. «O Antroido onte e hoxe. Achegas ao estudio desta festividade na Terra Chá». *Revista Dixital de «Galicia Encantada»*. Dispoñible en liña: www.galiciaencantada.com
- FLORES ARROYUELO, F.J. (2001): *Fiestas de ayer y de hoy en España*. Alianza, Madrid.
- FRAGUAS FRAGUAS, A. (1994): *Do ANTROIDO*. Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela. Serie Alicerces, nº 6.
- (1996) *A Festa Popular en Galicia*. Edicións do Castro, A Coruña.
- GATO SOENGAS, Antonio (1992). *O Entroido de Casa de Naiá*. Deputación, Lugo.
- GONDAR PORTASANY, M. (1993). *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós outros*. A Nosa Terra, Vigo.
- GONZÁLEZ REBOREDO X.M.(1997): *Guía de festas populares de Galicia*. Galaxia, Vigo.
- (1997): «Fiestas cíclicas». En: VV.AA. *Galicia. Antropoloxía*. Tomo XXVII. Hércules Edicións, A Coruña.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARIÑO FERRO, X.R. (1987): *ANTROIDO en Galicia*. Deputación Provincial, A Coruña.
- LISÓN TOLOSANA, C. (1971): *Antropología cultural de Galicia*. Editorial Siglo XXI, Madrid.
- (1974): *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega*. Akal, Madrid.
- LORENZO, X. (1973): *Cantigueiro popular*. Galaxia, Vigo.

- MARIÑO FERRO, X.R. (2000): *O ANTROIDO ou os praceres da carne*. Edicións do Castro, A Coruña.
- OTERO FERNÁNDEZ, X.M. «A dimensión lúdica da vida humana. O ANTROIDO, unha antiga celebración». En: *Exemplificacións didácticas. Educación Secundaria Obrigatoria*. Tomo II. Xunta de Galicia.
- RISCO, V. (1979): «Etnografía: Cultura espiritual». En: OTERO PEDRAYO, R. *Historia de Galiza*. Akal, Madrid.
- RIVAS CRUZ, X.L. e IGLESIAS DOBARRIO, B. (1999): *Cantos, Coplas e Romances de Cego. (I) e (II)*. Recopilación de Mini e Mero. Ophiusa Ensino, Lugo.
- RIVAS, P. (1996): *Fiestas de Galicia. Propostas didácticas*. Deputación Provincial, Lugo.
- TABOADA CHIVITE, X. (1980): *Ritos y creencias gallegas*. Edicións Sálvora, A Coruña.
- TENORIO, N. (1914): *La aldea gallega*. Cádiz.
- VVAA. (2009): *As caras do ANTROIDO ourensán*. Deputación Provincial e Fundación Caixa Galicia, Ourense.
- VV.AA. (1993): *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. (Coord. «Asociación do Val do Franco»). Consellería de Educación e Ordenación Universitaria-Dirección Xeral de Política Lingüística.
- VV.AA. (1997): *Galicia. Antropoloxía*. Tomos XXVII, XXVIII e XXIX. Hércules Edicións, A Coruña.
- VV.AA. (1986): *O noso Antroido. Vilalba 1986*. Colexio Público «Antonio Insua Bermúdez» de Vilalba (Patrocinado por Concello de Vilalba).
- VV.AA. (2006): «Entre os Reis e o mes de maio». En: *Tempos de festa*. Tomo I. Fundación Caixa Galicia, A Coruña.



Foto 19.- O pucho dun Volante (Chantada).